


1. Analice e comente o seguinte climograma.



a) Identifique o documento.

Trátase dun **climograma**, gráfico que representa as temperaturas medias mensuais (mediante un gráfico lineal) e as precipitacións totais mensuais (mediante un gráfico de barras) dunha zona ao longo dun ano.

b) Réximes de precipitacións e temperaturas e tipo climático ao que corresponde:

O **total** de precipitacións é **moderado**, de 724 mm pero como non chega aos 800 mm podemos situala na España seca, a **distribución** é **bastante regular**, xa que so atopamos un mes con **aridez** (xullo), cun **mínimo** principal no verán, aínda que tamén descenden algo as precipitacións a finais do inverno; os **máximos son equinociais**, no outono e na primavera, pero tamén chove suficiente no inverno.

Temperatura media suave ou temperada 14,3°. Temperatura **mínima** anual en Xaneiro de 6,9° define un **inverno moderado ou suave** e a **máxima** situada nos meses de Xullo e Agosto con 22,9° propio dun **verán moi caluroso**, a **oscilación ou amplitude térmica** é de 16°, polo tanto **media**, e corresponde a un **clima de influencia marítima mediterránea**.

Con estes datos pódese concluír que se trata dun **clima mediterráneo de litoral o marítimo** en concreto se trata del **mediterráneo catalán**.

c) Localización e factores explicativos:

Estes trazos termopluviométricos veñen determinados por diferentes factores xeográficos e termodinámicos.



As precipitacións **totales** son **relativamente abundantes e regulares**, propias dun réxime pluviométrico máis humedo, e a **aridez estival** redúcese a un único mes, debido a que as clásicas precipitacións equinocciais (principalmente en outono) debidas a maior frecuencia de situacións do leste (tormentas causadas por borrascas térmicas e DANAs ou gotas frías) hai que sumar a influencia das **frontes polares** asociadas as borrascas atlánticas (predominantes no inverno), que son capaces de chegar dende a cornisa cantábrica por estar situada máis o norte que o resto do litoral mediterráneo.

As **temperaturas** son as máis baixas do litoral mediterráneo debido ao **factor latitudinal** (as temperaturas aumentan cara ao sur); son **suave** debido á **influencia reguladora do mar**, que no inverno se comporta como unha masa cálida respecto á terra, temperando a temperatura, mentres que no verán actúa á inversa, suavizando a calor. A **amplitude térmica** é **media** xa que o ser o mediterráneo un mar pechado e bordeado por relevos montañosos, actúa como un almacén de calor e non pode amortecer moito as elevadas temperaturas estivais.

Polas características antes analizadas podemos localizar o **clima no litoral catalán**, en concreto debido a aridez estival atenuada (un único mes seco) podemos reducir a localización a zona que se estende dende Girona ata o norte de Barcelona e preto do mar, xa que a Cordilleira Costero-Catalá introduce rapidamente rasgos continentalizadores.

1. Analice e comente o seguinte climograma.

FIGURA A-2



(Poño o segundo climograma para ver como quedaría se se respetara a relación $P=2T$)

a) Identifique o documento.

Trátase dun **climograma**, gráfico que representa as temperaturas medias mensuais (mediante un gráfico lineal) e as precipitacións totais mensuais (mediante un gráfico de barras) dunha zona ao longo dun ano.

b) Réximes de precipitacións e temperaturas e tipo climático ao que corresponde:

O **total** de precipitacións é **moi alto**, de **1.246 mm** polo tanto sitúase na España húmida, a **distribución** é **bastante regular** ao longo do ano, aínda que atopamos os máximos no outono e no inverno cun mínimo relativo en verán, **non** se observa ningún **mes con aridez**.

Temperatura media suave ou temperada 14,1°. Temperatura **mínima** anual en Xaneiro de **10°** define un **inverno moderado ou suave** e a **máxima** situada no mes de Agosto que non supera os **20°** propio dun **verán fresco ou pouco caluroso**, a **oscilación ou amplitude térmica** é de **10°**, polo tanto **baixa**, corresponde a un **clima de influencia marítima**.

Conclúese que se trata dun **clima oceánico puro ou marítimo**.

c) Localización e factores explicativos:

Estes trazos termopluiométricos veñen determinados por diferentes factores xeográficos e termodinámicos.

A **regularidade das precipitacións** débese a que a zona atopase todo o ano baixo a influencia das **frontes polares** asociadas as borrascas atlánticas.

O **total** tan abundante de precipitacións débese a que se ven reforzadas por un efecto de **ascenso orográfico**, xa que a **disposición periférica do relevo** obrigan ao aire a elevarse e producen chuvias na vertente de barlovento.

O **mínimo relativo de precipitacións estivais** é moi pouco notorio, característica propia da costa Cantábrica, que se atopan menos protexidas pola acción do anticiclón das Azores no verán.

A **temperaturas suave e a baixa amplitude térmica** débese á **influencia reguladora do mar**, que no inverno se comporta como unha masa cálida respecto á terra, temperando a temperatura, mentres que no verán actúa á inversa, suavizando a calor.

Polas características antes analizadas podemos localizar o **clima no litoral atlántico galego ou cantábrico**, aínda que pola regularidade das choivas, con mínimo estival tan pouco definido, podemos concluir que é cantábrico.